

# QUINTA

Castiñeiros e nogueiras  
De Quinta de Cancelada,  
Destes nome a un proxecto  
Para salvar a nosa terra.

Un grupiño, bos amigos,  
A beiriña do Donsal,  
A xente dende moi lonxe  
Ven os sendeiros rozar.

Nesta terra dos Ancares  
Ai moitas cosas que ver,  
A natureza e cultura  
Que non se deben perder.

Os camiños, as pallozas,  
Temos hórreos e palleiros,  
Respiramos aire limpo,  
¡o sendeiro compañeiros!

Vamos o camiño xuntos,  
Queda moito que facer,  
Natureza tan fermosa,  
Non podemos esquecer.

Por nos chaman os camiños,  
Por nos berran os carreiros,  
Un río con auga pura,  
¡vamos xuntos compañeiros!

*Autor: Alfredo González Vilela  
Cantautor  
B-11-11-2011*

*Poema dedicado a o proxecto de himno da  
Asociación Castiñeiro e Nogueira  
De Quinta de Cancelada*